

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2024/2025

Normativa reguladora máis relevante: [RD 822/2021](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2022.

Denominación do título de MÁSTER proposto	MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENSINO DE ESPAÑOL COMO LINGUA ESTRANXEIRA OU SEGUNDA LINGUA
Centro de impartición na UVIGO	Facultade de Filoloxía e Tradución
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	24/11/2022
Persoa de contacto no centro	Inmaculada C. Báez Montero
	cbaez@uvigo.es
	630639147
É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas?	Non
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	Si, Indicar cales: 1. Xustificación da demanda baseada en evidencias. 2. Xustificación dos perfís profesionais que cubriría a titulación e as competencias das persoas tituladas. 3. Xustificación da relación coa contorna social. 4. Prácticas externas garantidas para o alumnado.
Cumpre os requisitos específicos para títulos de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	Si. Indicar cales: 1.- Ten unha orientación laboral ou práctica; 2.- Garántese as prácticas do estudantado, 3.- Abarca a formación superior do persoal en áreas de alta demanda laboral, 4. A vinculación entre o título de grao e o mestrado universitario está adecuadamente planificada de forma que a especialización de posgrao teña unha relación directa cos estudos de grao.
É unha proposta de carácter interuniversitario?	<input type="checkbox"/> Non
	Si, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago e Universidade de Vigo. Coordinadora: Universidade de Santiago
Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)	Lingua española, didáctica de linguas, filoloxía e tradución
Incluír unha proposta de composición da comisión redactora da memoria (indicar expresamente os membros da comisión)	Area lingua española Uvigo (Rosa Pérez e Inmaculada Báez) Área lingua española U da Coruña (Esperanza Acín y Luis González) Area lingua española U Santiago de Compostela (M.J. Rodriguez Espiñeira y Marta Blanco)

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2024/2025

<p>Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011</p>	<p>Conforme o artigo 4 da <i>Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias de graos, mestrados universitarios e programas de doutoramento. Implantación no curso 2024-2025</i>, preséntase a continuación a información solicitada relativa ao <i>Máster universitario en ensino de español como lingua estranxeira ou segunda lingua</i>:</p> <p>1.- Xustificación da demanda baseada en evidencias</p> <p>As evidencias nas que se sustenta a demanda desta nova titulación son:</p> <p>a.- Dar resposta ás necesidades formativas, profesionais e científicas do SUG</p> <p>Este máster é unha proposta interdepartamental das Universidades de Santiago de Compostela, de Vigo e da Coruña que pretende dar resposta ás crecentes necesidades académicas, científicas e profesionais do profesorado de español como lingua estranxeira ou segunda lingua (LE/L2), así como atender a alta demanda detectada entre o alumnado nativo e non nativo que desexa abrir as súas perspectivas académicas, científicas e laborais cara ao ámbito do ensino do español LE/L2, demanda claramente vinculada coa situación internacional do español, como poñen de manifesto distintos estudos socioeconómicos, nos que se fai patente unha vitalidade extraordinaria, relacionada, sen dúbida, coa seu cada vez maior peso demográfico e económico nun mundo globalizado (cfr. El español: una lengua viva. Informe 2022, Instituto Cervantes).</p> <p>b.- Ter un carácter esencial e estratéxico dentro da oferta de títulos oficiais do SUG</p> <p>O interese deste título radica no feito obxectivo de que non existe un programa das súas características a nivel autonómico, polo que viría ser o primeiro máster no SUG que atendese a forte demanda social nunha formación especializada de profesorado en español LE/L2.</p> <p>Este máster ten carácter singular no SUG e complementa a oferta formativa de estudos lingüísticos en Galicia. Promove algúns dos valores que o documento Galicia 2030. Propuesta de Nuevas Titulaciones para el SUG recomenda fomentar: colaboración (entre institucións, docentes e discentes), flexibilidade e especialización. O máster pon o foco nas metodoloxías de ensino/aprendizaxe de linguas e está orientado á práctica profesional. O citado documento, que pretende servir de guía ou manual de consulta, non contempla ningunha titulación nova na área de Artes e Humanidades. No texto sinalase (p.27) que este ámbito de coñecemento non representa máis que o 11% da oferta formativa do SUG (p. 27), porcentaxe lixeiramente superior ao de ciencias (10%). O propio documento alude á necesidade de combinar os roles científicos e tecnolóxicos que emanan del con outros propios das disciplinas humanísticas e sociais (p. 31).</p> <p>Ademais de singular e estratéxico, este máster é complementario coa oferta de títulos que presenta o SUG, entre os que se inclúen másteres en Linguas, Literaturas e Cultura. A implantación deste máster permitirá diversificar as saídas profesionais dos graduados, limitadas ata o momento á docencia no ensino secundario (cos másteres presenciais en educación secundaria) e ao <i>Máster Universitario en Lingüística Aplicada</i> (MILA), tamén presencial e con alcance máis xeral.</p>
--	---

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2024/2025

ao constar de tres especialidades: Adquisición e ensino de linguas; Comunicación e recursos lingüísticos; Léxico, gramática e variación. Co máster virtual que estamos a propor completaríanse as opcións máis importantes para a inserción no mercado laboral dos graduados en linguas das nosas universidades.

Por outra banda, o interese deste máster vese incrementado pola nova realidade que desde os últimos anos están a vivir as nosas universidades, que ten que ver co considerable aumento de alumnado internacional e de intercambio que reciben a través dos distintos programas de mobilidade nos que participan (Erasmus+, *International Credit Mobility* (ICM), Erasmus Mundus Acción 2, Estudantes visitantes (*free mover*), Convenios Bilaterais con universidades alleas á Unión Europea. Considerando que un número nada desprezable do alumnado internacional mostra unha clara preferencia polo estudo do español e que, por tanto, opta por realizar estudos no *Grao en Lingua e Literatura Españolas* (USC), no *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios* (UDC) ou no *Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española* (UVigo), un máster como o que aquí se propón permitiríalle cursar uns estudos que normalmente non ofrecen as súas universidades de orixe e completar así a súa formación académica especializada no ámbito do ensino do español LE/L2.

O máster ofrece formación tamén no ámbito científico e investigador, esfera inseparable da académica. Isto é así porque, ademais de servir de posible complemento ao título de grao, tamén se constitúe en período formativo para dar acceso aos programas de Doutoramento en Estudos lingüísticos que se desenvolven nas tres universidades. Neste sentido, cabe destacar que, no marco da Lingüística Aplicada, a investigación en ensino de linguas estranxeiras experimentou un considerable desenvolvemento nas últimas décadas. O mesmo sucede, no ámbito hispánico, co ensino do español LE/L2. Aínda que non dispoñemos de datos oficiais, se consultamos as bases de datos que ofrecen plataformas como infoling.org ou todoele.net, poderemos comprobar que unha porcentaxe moi importante da investigación no ámbito lingüístico hispánico corresponde á realizada no marco do español LE/L2: polo número de teses defendidas, pola proliferación de revistas científicas nacionais e internacionais especializadas na materia, pola existencia de asociacións científicas (*Asociación para la Enseñanza de Español como Lengua Extranjera*, *American Association of Teachers of Spanish and Portuguese*, etc.) e a convocatoria de múltiples congresos. O Máster permitirá tanto ao persoal docente e investigador como ao alumnado integrarse nesta dinámica subárea de coñecemento.

Convén destacar, ademais, o modelo virtual ao que responde. A revolución tecnolóxica e dixital está a producir cambios na sociedade actual que afectan tamén o ámbito educativo. Cambios que, como se recolle no documento *El español: una lengua viva. Informe 2022*, agudizáronse despois de dous anos de xestión da pandemia, o que provocou un desprazamento notable desde a clase presencial á virtual que se traduce nun saldo positivo para a aprendizaxe de español a través de internet, xa que a demanda do español neste período creceu

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2024/2025

	<p>considerablemente. Segundo un estudo realizado en 2021 pola plataforma de aprendizaxe de idiomas Duolingo, o español é a lingua máis estudada en 31 dos 194 países</p> <p>2.- Xustificación dos perfís profesionais que cubriría a titulación e as competencias das persoas tituladas</p> <p>Este máster ten como obxectivo fundamental formar profesionais no ensino do español como lingua estranxeira ou como segunda lingua, capacitados tanto para a docencia como para a investigación. A partir deste obxectivo xeral, articúlanse os seguintes obxectivos específicos, que son os que determinan, en liñas xerais, os resultados de aprendizaxe e de formación:</p> <ul style="list-style-type: none">• Proporcionar os coñecementos e as habilidades necesarias para o desempeño profesional eficiente, adaptable e de calidade no ámbito do ensino de español LE/L2.• Fomentar a investigación no campo do ensino de español LE/L2.• Proporcionar as ferramentas necesarias para organizar e xestionar os procesos de ensino e aprendizaxe do español LLE/L2.• Proporcionar recursos para responder as perspectivas da industria do español como lingua estranxeira nas súas diferentes dimensións.• Fomentar actitudes positivas cara á diversidade lingüística e cultural. <p>Estes obxectivos xúntanse nesta proposta de máster, que conxuga o desenvolvemento profesional inherente ao dominio lingüístico coa aplicación das competencias e habilidades ou destrezas adquiridas nun mundo laboral diverso e variable.</p> <p>Perfís académicos</p> <ul style="list-style-type: none">• Formadores de profesorado en programas ofertados por organismos oficiais e institucións da lingua.• Examinadores de probas de competencia e dominio do español (DELE, DELE para escolares, SIELE). <p>Perfís profesionais</p> <ul style="list-style-type: none">• Profesores de español LE/L2 en modalidade presencial, híbrida e virtual no ensino regrado (Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional).• Profesores de español LE/L2 en modalidade presencial, híbrida e virtual en organismos oficiais (centros do Instituto Cervantes no exterior).• Profesores de español LE/L2 en modalidade presencial, híbrida e virtual en centros de linguas no ensino superior ou en academias de idiomas.• Persoal de apoio en ONG e centros sociais en calidade de profesores de español de alumnado migrante e refuxiado.• Autores de materiais didácticos (deseño e edición) en editoriais especializadas en español LE/L2.• Xestor en institucións e entidades públicas e privadas que se movan no ámbito do ensino de español LE/L2 (dirección, xefatura de estudos, etc.) <p>Perfil investigador</p> <ul style="list-style-type: none">• Investigador en proxectos de investigación relacionados
--	--

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2024/2025

	<p>co ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua (adquisición e ensino; deseño de corpus de aprendentes, paralelos, multilingües; español como lingua de especialidade, investigación en acción, etc.).</p> <p>3.- Xustificación da relación coa contorna social</p> <p>Este título responde á enorme demanda de cursos de español en moitos países e en todos os ámbitos educativos, xa sexan de ensino regrado ou non regrado; de aí que sexa necesario formar profesionais especializados nese campo que satisfagan este requirimento social. Debe terse en conta que no ano 2022 máis de 496 millóns de persoas teñen o español como lingua materna (o 6,3 % da poboación mundial), ao que hai que engadir que o español é a segunda lingua materna do mundo por número de falantes, despois do chinés mandarín, que é o segundo idioma máis relevante no sector do turismo idiomático e que case 24 millóns de alumnos estudan español como lingua estranxeira en 2022 (cfr. El español: una lengua viva. Informe 2022, Instituto Cervantes)</p> <p>Nun ámbito máis xeral, este máster enmárcase no ambicioso proxecto da Unión Europea de fomentar o plurilingüismo dentro das súas fronteiras. Neste sentido, o Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas: Aprendizaje, Enseñanza, Evaluación (Consejo de Europa, 2002, § 1.2.) lembra que o Comité de Ministros da UE salientou “la importancia política que tiene, en el presente y en el futuro, el desarrollo de campos específicos de acción como, por ejemplo, las estrategias para diversificar e intensificar el aprendizaje de lenguas con el fin de fomentar el plurilingüismo en un contexto paneuropeo”.</p> <p>Por outra banda, no marco do denominado “mercado do español”, isto é, dentro do conxunto de actividades relacionadas co ensino do idioma e as actividades mercantís asociadas a ela, o ensino do español para estranxeiros ocupa unha posición relevante.</p> <p>El Anuario del Instituto Cervantes El español en el mundo 2022 proporciona abundante información sobre as posibilidades que para o mercado laboral ofrece o ensino do español, lingua que ocupa a terceira posición na clasificación de linguas pola súa contribución ao PIB mundial, tras o inglés e o chinés mandarín.</p> <p>A Fundación Telefónica, a través dos catorce tomos do seu proxecto El valor económico del español, sinalou a transcendencia do español na economía dos países hispanofalantes, especialmente de España. Os tomos 3 e 4 La economía de la enseñanza del español como lengua extranjera ofrecen datos sobre a importancia do ensino do español como lingua estranxeira no mercado laboral: o español xera directa ou indirectamente case o 16 % do noso PIB (ao ensino propiamente dito, deben engadirse outros sectores como a industria editorial e audiovisual, servizos lingüísticos, tecnoloxías da lingua e outros servizos culturais).</p> <p>Este máster axústase, xa que logo, á responsabilidade social que teñen as universidades, tendo en conta que o exceso de demanda de estudos de español a nivel internacional vén motivando a adopción de medidas urxentes e inmediatas respecto á contratación de profesionais que non sempre cumpren os criterios de calidade requiridos. É necesario, en consecuencia, proceder a unha contribución innovadora e</p>
--	---

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2024/2025

	<p>eficaz na formación dos colectivos de profesionais implicados no ensino e formación do español como lingua estranxeira ou segunda lingua.</p> <p>4.-Prácticas externas garantidas para o alumnado de acordo coa normativa da USC, de ser o caso</p> <p>As prácticas externas deste Máster reforzarán o proxecto formativo e, dado o seu carácter obrigatorio, estará garantida a súa oferta para todo o estudantado.</p>
--	--

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de Máster que se pretendan implantar no curso 2024/2025 é **o 25 de novembro de 2022**.
- Enviar a verifica@uvigo.es